

NOTIFICACIÓN

A Alcaldía-Presidencia con data 17/04/2018 aprobou unha resolución que transcrita di como segue:

“Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 17/04/2018 e que literalmente transcrito di:

“Mediante resolución de data 13/04/2018 a Alcaldía-Presidencia adoptou unha resolución consistente en aprobar a relación definitiva de persoas admitidas para participar no proceso de selección para o nomeamento con carácter interino, dun/dunha **Técnico/a Economista** do programa de desenvolvemento urbano sostible e integrado (DUSI) Ferrol 2020 así como designación do Tribunal Cualificador e fixación da data de comezo do citado proceso.

Por un erro administrativo na dita relación non figura unha das persoas que achegaron a solicitude de participación dentro do prazo establecido para o efecto e que cumpría os requisitos esixidos, concretamente dona María Benedicta Rodríguez Badia.

O artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas establece literalmente o seguinte:

“Artículo 109 Revocación de actos y rectificación de errores

1. Las Administraciones Públicas podrán revocar, mientras no haya transcurrido el plazo de prescripción, sus actos de gravamen o desfavorables, siempre que tal revocación no constituya dispensa o exención no permitida por las leyes, ni sea contraria al principio de igualdad, al interés público o al ordenamiento jurídico.

2. Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”

Polo exposto, propóñolle a vostede a adopción do seguinte acordo:

Rectificar o apartado primeiro da resolución citada para o fin de incluír na relación definitiva de admitidos á persoa citada quedando a dita relación do seguinte xeito:

APELIDOS E NOME	DNI
BUSTABAD CABANA, GABRIELA	326461**N
GARCIA SANCHEZ, GUILLERMO	326731**S
POL FERNANDEZ, MARIA AZUCENA	333193**G
RODRIGUEZ BADIA, MARIA BENEDICTA	326643**N
ROMERO VERGARA, TERESA	326782**D
SUAREZ NOGUEIRA, CRISTINA PAULA	326975**P
VECINO PEÑA, MARIA JESUS	327598**R

Non obstante, vostede resolverá.”

Examinada asímesmo a documentación que o acompaña.

DECRETO.- Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos.”

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (BOE do 14/07/1998).

Ferrol,
O secretario xeral